

ROTEIRO POLO COUREL

Montse Lombardía



ADEGA continua coa súa campaña mediática en defensa do Courel. Máis de cen persoas acudiron o 29 de outubro de 2006 á chamada para visitar e gozar dunha xornada que amenceu luminosa e en que as nosas montañas lucían en toda a súa dignidade. Este roteiro pensouse para dar a coñecer a excepcionalidade ambiental do Courel, que vai desde a xeoloxía á biodiversidade. No Courel encóntrase concentrada a maior variedade de rochas e de especies de toda Galiza. Un valor ambiental desta categoría non pode ser destruído en aras dunha economía baseada en industrias extractivas de curtas miras e que non teñen en conta a perdurabilidade do desenvolvemento e que van deixar tras de si apenas a destrución e a pobreza.

O roteiro percorreu desde o Alto da Pedra en Pedrafita do Courel até Ferreiros de Abaixo a través da Serra da Escrita e desde onde se poden albiscar os Picos de Trevinca, o Faro, O Xistral, Os Ancares e tamén a muralla e catedral de Lugo. Imos entre os ríos Lúzara e Lor. Este é un dos últimos ríos vivos de Galiza, mais corre o perigo de deixar de selo. O Courel constitúe unhas das zonas


máis ricas en Galiza en canto a biodiversidade, riqueza cultural e etnográfica e particularidades xeolóxicas. O Courel segue agardando por unha figura de protección que a Xunta está demorando para salvagardar e protexer a súa enorme riqueza.



As canteiras a ceo aberto como a da Campa, ilegal, están a destruír as zonas

cársticas máis extensas de Galiza, coas súas covas e toda a súa variedade florística e faunística. Ríos como o Lor están en camiño de converterse nunha enorme entulleira coas súas augas contaminadas, camiño do Sil e do Miño. Non importa a ilegalidade, non importan os preceptos europeos de conservación, non importa a destrución directa de montes enteiros... importa o beneficio empresarial aberrante e insostíbel onde se defende (hipocritamente disfrazado de servizo social) o pan para hoxe e a fame e o abandono dos lugares para mañá.

Desde ADEGA denunciámos que os principios de Desenvolvemento Sustentábel están a ser ninguneados por alcaldes e conselleiros. Denunciámos e comunicámos que outras alternativas son posíbeis. No parque de Somiedo en Asturias a poboación que habita no parque están solicitando a súa ampliación debido aos bos resultados económicos e sociais.

Montse Lombardía





PROGRAMA DE ROTEIROS 2006-2007

ADEGA-Lugo organiza desde hai anos roteiros mensuais nos que se tenta combinar o obxectivo lúdico co reivindicativo: mentres camiñamos, gozamos da natureza e coñecemos o noso país, procuramos que a nosa presenza sirva para mover consciencias, denunciar agresións ambientais, salientar o valor ecolóxico dos nosos espazos naturais e reclamar a súa protección.

Como no ano anterior, o tema da programación continúa a ser a Rede Natura 2000 en Galiza, que abrangue os espazos con mellores representacións dos hábitats e das especies de flora e fauna que a UE considera de máis interese. Na actualidade a proposta galega da Rede Natura comprende 14 ZEPAs (Zonas de Especial Protección para as Aves) e 59 LICs (Lugares de Importancia Comunitaria), pero o retraso na súa tramitación foi aproveitado para levar a cabo proxectos ambientalmente daniños (parques eólicos, encoros, portos, piscifactorías) en case todos os espazos propostos, provocando danos ás veces irreversíbeis; e o máis grave é que as cousas non mudaron nin sequera despois da aprobación como espazos protexidos.

Con estas visitas, ADEGA reclámalle á Administración que tome as medidas necesarias para garantir a conservación efectiva dos espazos da Rede Natura. Este ano salientaremos a problemática do urbanismo, sobre todo na costa, e tamén sobre outras formas do noso patrimonio, ás veces escurecidas pero non por iso menos importantes para a reivindicación ecoloxista: o patrimonio xeolóxico e máis o arqueolóxico.

A escolma (sempre provisional) de destinos é a seguinte:

29 de outubro: LIC O Courel (proposta de Parque Natural)

26 de novembro: LIC Estaca de Bares

17 de decembro: LIC Os Ancares: concello de Cervantes

21 de xaneiro: LIC Parga-Ladra-Támoga: concello de Guitiriz

25 de febreiro: Roteiro arqueolóxico: concello de Barreiros (costa de Lugo)

18 de marzo: Roteiro xeolóxico: cova de Morcelle e LIC Cruzul-Agüeira (Becerreá)

22 de abril: LIC Costa Ártabra (Montefaro, concello de Ares) e ZEPA Valdoviño

27 de maio: LIC Bidueiral de Montederramo (provincia de Ourense)

16-17 de xuño: Parque Nacional das Illas Atlánticas: illa de Ons.

CONTACTO: ADEGA-Lugo sae sempre de diante da Escola de Maxisterio de Lugo (Av. de Ramón Ferreiro) ás 9 da mañá, en autobús. Para reservas: 639 664924 (Montse) e 660890655 (Ana). Para ver outras posibilidades de participar nestes roteiros, contacta coa delegación de ADEGA da túa localidade (www.adega.info).

Solicitamos nin máis nin menos que se fagan cumprir as leis, que aprendamos dos nosos veciños e veciñas. Rexeitamos a destrución irreversible en sentido real e non figurado, de desaparición do territorio e a súa riqueza. Denunciamos un modelo de explota-

Temos que elaborar, entre todos e todas, as estratexias de desenvolvemento que leven o benestar ás poboacións do Courel, de maneira permanente no tempo. Este roteiro insírese na campaña que ADEGA ven desenvolvendo durante todo este ano en defensa da REDE Natura 2000.

ción industrial dos recursos de lousa que aproveita só o 5% de todo canto extrae, e converte o resto en refugallos que abaixan a montaña, enterran o río e contaminan as augas.

